

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013692	IES Val do Tea	Ponteareas	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura I	1º Bac.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	21
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

A materia de Lingua Galega en primeiro de bacharelato continúa o trazado establecido na etapa anterior; aínda que presenta uns fins determinados de acordo aos obxectivos desta etapa. Por unha banda, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos que se abordan en primeiro de bacharelato non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados; pero coa singularidade de que no bacharelato, o desenvolvemento das competencias do alumnado requirirá unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística. É de vital importancia que neste momento o alumnado repare na realidade lingüística de Galicia, así como no lugar que ocupa o noso idioma no contexto peninsular co propósito de que desenvolva unha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura, «Antre dous séculos». E o cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa.

Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. Así mesmo, a coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional». Noso caso, achegámonos á realidade do portugués, adquire especial relevancia ao sermos un IES situado en Pontearreas, unha vila moi próxima a Portugal.

A proposta didáctica que se presenta para primeiro de bacharelato está articulada arredor de tres grandes unidades didácticas. Abórdanse en todas elas os catro bloques de contidos que se establecen no novo currículo do bacharelato (DECRETO 157/2022, do 15 de setembro polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia).

Por último, convén sinalar que o presente documento constitúe un intento de ordenar a práctica didáctica tendo en conta as características do noso alumnado e a realidade das aulas, como non pode ser doutro xeito. A este respecto, cómpre incidir no feito de que algún dos grupos (1 BAC B) con 32 alumnos e alumnas é moi numeroso, feito que vai repercutir negativamente en que se poidan tratar, cun mínimo de garantías, algúns dos aspectos do currículo, nomeadamente os referidos á comunicación oral, así como poñer énfase na atención á diversidade e na atención individualizada.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1	Nesta unidade trataremos contidos referentes aos 4 bloques: A lingua e os seus falantes, Comunicación oral e escrita, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Leremos, ademais unha novela da literatura actual pertencente ao xénero policial.	33	42	X		
2	Unidade 2	Nesta unidade trataremos contidos referentes aos 4 bloques: A lingua e os seus falantes, Comunicación oral e escrita, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Leremos, ademais, unha novela ambientada na Idade Media ou século XIX	33	32		X	
3	Unidade 3	Nesta unidade trataremos contidos referentes aos 4 bloques: A lingua e os seus falantes, Comunicación oral e escrita, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Leremos, ademais, unha obra da literatura portuguesa	34	31			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1	42

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Recoñece as diferentes variedades internas da lingua (dialectais, históricas, sociais e contextuais) en manifestacións orais, escritas e multimodais e refuta os prexuízos lingüísticos asociados a aquelas que se desvían da norma estándar.	PE	95

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Recoñece os principais fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo e diglosia, así como diferentes modelos de convivencia entre linguas (Linguas hexemónicas, minoritarias e minorizadas) Coñece os seus os dereitos lingüísticos e dá argumentos a favor da ecoloxía e sostibilidade lingüística.		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica os usos sexistas da lingua a partir da análise de elementos lingüísticos e substitúeos por outros usando unha linguaxe inclusiva.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica os elementos que participan no proceso de comunicación. Analiza a interacción entre códigos verbais e non verbais en intercambios comunicativos orais (coneversa espontánea, vídeos nas redes...) Recoñece as características que singularizan a lingua oral fronte á lingua escrita.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Visualiza unha conferencia ou discurso na rede, elabora unha síntese e sinala as partes tendo en conta o contido e a intencionalidade. Finalmente analiza a adecuación do rexistro utilizado.		
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica a intención comunicativa, a información implícita nas mensaxes (presuposicións e implicaturas) e a función lingüística predominante en textos escritos e multimodais académicos, publicitarios e dos medios de comunicación.		
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Analiza as características e a estrutura dos textos descritivos e narrativos e valora a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Aplica as propiedades textuais, elaborando textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado á situación comunicativa e á intención do emisor sobre temas curriculares.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Aplica correctamente as normas de acentuación xeral, o acento diacrítico. así como as grafías adecuadas. Emprega axeitadamente os signos de puntuación, usa conectores adecuados e variados. Respecta as normas básicas de corrección gramatical.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixo entre varias opcións e le de maneira autónoma unha novela da literatura galega contemporánea (ambientada na Idade Media ou no século XIX), demostra a súa lectura comprensiva, e deixa constancia da experiencia lectora elaborando unha opinión argumentada.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece as características dos diferentes xéneros literarios e a súa relación co sentido da obra, así como os principais recursos estilísticos. Coñece o contexto sociohistórico e a xénese da lírica medieval galego-portuguesa.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e mellóraos , a partir da reflexión lingüística sobre os aspectos gramaticais tratados (o substantivo, adxectivo, e palabras adnominais)		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Analiza en textos as categorías gramaticais substantivo, adxectivo e palabras adnominais e caracterízaos morfolóxica, semántica e sintacticamente. Recoñece en textos, aplica os procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexiona sobre as mudanzas no seu significado.		
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elabora e presenta os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Desbota a descalificación e utiliza argumentos á hora de resolver conflitos. Expono usando estratexias de cooperación conversacional e seguindo as normas de cortesía lingüística e respecto polas opinións alleas.	TI	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa na aula de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) con actitudes de escoita activa, cortesía lingüística e uso do rexistro adecuado á situación comunicativa. Usa o galego nesas intervencións respectando as normas morfosintácticas e a fonética galega.		
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora un traballo de investigación de maneira autónoma sobre temas como: análise pragmática dun anuncio publicitario, a linguaxe inclusiva, interfaces da comunicación escrita ao longo da historia, orixe da nosa toponimia ou apelidos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater. - Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información

Contidos

- relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 2	32

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Coñece a variedade lingüística da Península Ibérica e contrasta os trazos lingüísticos do éuscaro e catalán en textos escritos. Recoñece as principais diferenzas entre o galego e o portugués . Coñece o desenvolvemento sociohistórico do galego desde a súa formación ata a Idade Media.	PE	95
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado á situación comunicativa e á intención do emisor sobre temas curriculares.		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Aplica correctamente as normas de acentuación xeral, o acento diacrítico. así como as grafías adecuadas. Emprega axeitadamente os signos de puntuación, usa conectores adecuados e variados. Respecta as normas básicas de corrección gramatical e exprésase con propiedade léxica.		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global ,a estrutura, a información relevante e a intención do emisor en textos académicos expositivos e argumentativos		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Interpreta textos da literatura medieval integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixo entre varias opcións e le de maneira autónoma unha novela da literatura portuguesa contemporánea. Demostra a súa lectura comprensiva, e deixa constancia da experiencia lectora elaborando unha opinión argumentada atendendo a aspectos formais e temáticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Establece vínculos intertextuais entre obras da lírica e da prosa medieval e outras manifestacións artísticas (clásicas e actuais) en función de temas e tópicos e linguaxes.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Recoñece os trazos distintivos da lírica profana e relixiosa medieval, así como as características básicas da literatura do período dos Séculos Escuros. Interpreta as composicións ao abeiro do seu contexto sociohistórico.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e mellóraos, a partir da reflexión lingüística sobre os aspectos gramaticais tratados .		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Analiza en textos as categorías gramaticais pronomes, adverbios e preposicions, caracterízandoos morfolóxica, semántica e sintacticamente. Coñece as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.		
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Elabora as tarefas propostas sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua tratados utilizando os conceptos e a terminoloxía adecuados e consultando dicionarios e gramáticas en soporte analóxico ou dixital.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Desbota a descalificación e utiliza argumentos á hora de resolver conflitos. Exponos usando estratexias de cooperación conversacional e seguindo as normas de cortesía lingüística e respecto polas opinións alleas.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha deliberación oral argumentada sobre un tema de relevancia académica ou social. Planifica a temática. Pescuda información. Aplica trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.	TI	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa na aula de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) con actitudes de escoita activa, cortesía lingüística e uso do rexistro adecuado á situación comunicativa. Usa o galego nesas intervencións respectando as normas morfosintácticas e a fonética galega.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminitorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.

Contidos

- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
3	Unidade 3	31

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Coñece o desenvolvemento sociohistórico da lingua galega durante o séc XIX	PE	95

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Elabora textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado á situación comunicativa e á intención do emisor sobre temas curriculares.		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Aplica correctamente as normas de acentuación xeral, o acento diacrítico. así como as grafías adecuadas. Emprega axeitadamente os signos de puntuación, usa conectores adecuados e variados. Respecta as normas básicas de corrección gramatical.		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de diferentes textos escritos e multimodais dos medios de comunicación.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixo entre varias opcións e le de maneira autónoma unha novela da literatura galega contemporánea pertencente ao xénero policial. Demostra a súa lectura comprensiva, e deixa constancia da experiencia lectora elaborando unha opinión argumentada atendendo a aspectos formais e temáticos.		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Selecciona poemas de Rosalía, Curros ou Pondal e establece vínculos intertextuais entre as composicións de Rosalía de Castro e as obras doutras/os autoras/es e outras manifestacións artísticas.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece as características da obra de Rosalía, Curros e Pondal, e interpreta poemas seleccionados, integrando os diferentes aspectos analizados, relacionándoos co contexto sociohistórico e incorporando algún xuízo de valor.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos persoais con intención literaria coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e mellóraos, a partir da reflexión lingüística sobre os aspectos gramaticais, discursivos e estilísticos tratados.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Caracteriza morfolóxica e semanticamente o verbo en textos dados, así como os adverbios. Analiza en textos dados a relación entre a estrutura semántica e sintáctica da oración simple. Recoñece as conxuncións e o tipo de oración que introducen e úsaas para construír os seus propios enunciados.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa na aula de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) con actitudes de escoita activa, cortesía lingüística e uso do rexistro adecuado á situación comunicativa. Usa o galego nesas intervencións respectando as normas morfosintácticas e a fonética galega.		
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Desenvolve estratexias de verificación de noticias falsas e aplica pautas para evitar o ciberanzol.	TI	5
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona; obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve un proxecto de investigación sobre algún dos autores do Rexurdimento concretado nun ensaio ou presentación multimodal		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminitorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no círculo literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e

Contidos

- complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As materias lingüísticas contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Deste xeito, o principal propósito será mellorar a competencia comunicativa en lingua galega, ao mesmo tempo que se tratarán de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo seguiranse as presentes liñas de actuación:

-Para comezar, partírase dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores. Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente .

-Adoptarase un enfoque principalmente comunicativo e competencial que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso. Deste xeito concederáselle especial atención ás habilidades e estratexias lingüísticas priorizando aquelas que se detecten como as máis deficitarias, sen por iso esquecer a reflexión e o coñecemento do código lingüístico.

-Traballarase con textos (orais ou escritos) de distinta tipoloxía e natureza, nomeadamente do ámbito académico e dos medios de comunicación, así como literarios. O método, abordado dende unha óptica competencial, basearase fundamentalmente na lectura, análise, comentario e produción de textos de diversos tipos, a partir dos cales se integrará a reflexión sobre a lingua.

-Promoverase unha actitude activa e participativa, orientada a favorecer unha aprendizaxe autónoma e favorecer o pensamento crítico.

-A sociedade actual require a capacidade de enfrontarse a unha grande cantidade de información. Por este motivo promoverase a utilización de diversas fontes en soporte impreso ou dixital para a obtención da información, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información e axudándolle a desenvolver a súa capacidade crítica con respecto a ela.

-Propiciaranse non só tarefas individuais, senón tamén o traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado deba regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

-Proporanse diversos tipos de tarefas adaptadas a diferentes niveis e estilos de aprendizaxe e que, así mesmo, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.

-Proporase o deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática: a análise do sexismo na publicidade, a elaboración dun podcast para a radio onde se aborde esta temática ou calquera outro contido para a radio do centro...

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

Alén disto,

-Potenciarase a a reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa e mais nas súas respectivas variantes, a través da lectura de obras da literatura portuguesa , ou de propostas como promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).

-Proporase a lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia

ambiental, benestar animal...)

- Promoveranse actuacións que contribúan ao desenvolvemento da destreza oral como a visualización de películas en galego, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.

-Por último, traballarase en colaboración co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR E PRÁCTICA DA ORATORIA : A lectura de textos (literarios e non literarios) na aula, así como a lectura autónoma de obras completas (unha por trimestre) constitúe de seu unha parte central do currículo desta materia. Do mesmo xeito a práctica da oratoria a través de exposicións orais e debates.

OBSERVACIÓN: Trátase dunhas pautas metodolóxicas de máximos. Porén somos conscientes de que nas aulas máis numerosa (32 alumnos e alumnas) vai resultar moi complicado aplicar todos estes supostos con toda a eficiencia que nos gustaría e sería desexable.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos materiais: apuntamentos proporcionados polo profesorado, libro de texto, material bibliográfico diverso: libros de consulta, dicionarios a disposición na aula.
Recursos dixitais: Aula virtual do IES val do TEA, dicionarios e enciclopedias online, correctores ortográficos online (Ortogonal), vídeos educativos, apps para xenerar mapas mentais...
Recursos tecnolóxicos: encerados dixitais na aula, proxectores, computadores e conexión a internet
Recursos espaciais: a biblioteca ofrece, ademais de obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais, recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. (computadores, impresoras, mesas e cadeiras apropiadas...)

Outros recursos didácticos a disposición do alumnado a través da Aula Virtual:

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/diccionario/>
- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>
- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
- Dicionario visual interactivo: www.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisual/diccionario.html
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>
- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao principio de curso realizarase unha avaliación inicial. Estará deseñada para detectar as dificultades individuais e colectivas relacionadas coa materia. Ao mesmo tempo, procurará descubrirlas tamén as potencialidades do alumnado, as súas cualidades, preferencias e afeccións para aproveitarlas no proceso de ensino-aprendizaxe.

Instrumentos:

1. Unha proba escrita orientada principalmente a coñecer o dominio de destrezas básicas (esencialmente comprensión e expresión) e , en menor medida, o grao de coñecemento de conceptos lingüísticos e literarios básicos que se supón que o alumnado debe ter adquirido nese nivel.

2. Como actividade de avaliación inicial incluírase tamén unha sesión de presentación oral dos integrantes do grupo-clase. Permitirá que se dean a coñecer aos demais membros do grupo, dado que neste nivel recibimos moito

alumnado novo; saber dos seus gustos e afeccións e apreciar a súa fluidez á hora de expresarse en galego.

As probas escritas poderán ser corrixidas en grupo (grupo-clase ou pequenos grupos) para que nun exercicio de autoavaliación e coavaliación os propios alumnos sexan conscientes dende o principio das súas dificultades. O resultado destas probas servirá para diagnosticar posibles problemas individuais e deseñar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas e factibles dentro da organización docente do centro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Proba escrita	95	95	95	95
Táboa de indicadores	5	5	5	5

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, teranse en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación para as 3 unidades didácticas: probas escritas e as táboas de indicadores.

En cada unidade avaliaranse aspectos dos 4 bloques de contidos, tendo en conta a distribución porcentual orientativa establecida en cada unha das unidades.

1. AVALIACIÓNS PARCIAIS.

-O 95% da cualificación obterase a través de probas escritas. Con este instrumento avaliaranse os contidos e competencias relativos á lingua e os seus falantes, reflexión sobre a lingua, comunicación escrita e educación literaria (incluídas as lecturas)

Nestas probas, a cualificación de cada cuestión responderá ao grao de coñecemento dos contidos demostrado e á correcta expresión dos mesmos (coherencia, cohesión, adecuación, corrección gramatical e ortográfica e axeitada presentación). A este respecto, despois de sumadas as notas obtidas en cada parte da proba, descontarase 0.05 por cada erro leve e 0.1 por erros graves, ata un máximo de 1.5 puntos.

-O 5% da nota restante corresponderá a competencias de comunicación oral (comprensión oral, participación e escoita activa, lectura expresiva e expresión oral espontánea ou planificada). Avaliaranse a través de táboas de indicadores (rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros).

2. AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA.

-A cualificación da avaliación final ordinaria será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.

-O aprobado acádase se as tres avaliacións están superadas cunha nota igual ou superior a 5 puntos. Non obstante, tamén se pode superar a materia no caso de que unicamente unha avaliación estea suspensa cun mínimo de 4 puntos, sempre que a media das tres avaliacións sexa 5 puntos ou máis.

3. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

- O alumnado que non obteña unha cualificación mínima de 5 na sesión de avaliación ordinaria deberá facer unha proba extraordinaria a finais do mes de xuño, na que deberá examinarse de toda a materia.

-Para obter unha cualificación positiva na avaliación extraordinaria só se terá en conta a cualificación obtida nesta proba, na que se valorarán os contidos e a correcta expresión dos mesmos. Os descontos por erros de expresión seguen as pautas establecidas para todo o curso.

4. OBSERVACIÓNS:

- Se un alumno/a non se presenta a unha proba escrita e non xustifica a súa ausencia terá en dita proba unha cualificación de cero (0). Se non se pode presentar por unha causa xustificada, o profesor ou profesora correspondente establecerá outra data para facer a proba.

-O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización dun exame implicará a obtención automática dun cero (0) na dita proba.

Criterios de recuperación:

1. Realizarse unha proba de recuperación por avaliación. A recuperación do terceiro trimestre coincidirá coa recuperación final ordinaria. Nestas probas inclúiranse tamén contidos das lecturas (en caso de non estar superadas), coa seguinte repartición porcentual: 90% para os contidos da materia e 10% para a demostración da lectura correspondente.

2. Aquel alumnado que ao final da terceira avaliación non obteña unha media de 5 terá a posibilidade de presentarse á recuperación final de xuño.

O período abranguido entre a avaliación ordinaria de xuño e a avaliación extraordinaria de xuño dedicárase a actividades de apoio, reforzo, consolidación e recuperación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Dende o Departamento realizarase un labor de seguimento, orientación e apoio ao alumnado que teña a materia pendente. Esta tarefa concretarase a través das seguintes actuacións:

- Reunión informativa no mes de setembro onde se explicará o procedemento a seguir.
- Creación dun curso na aula virtual para proporcionar materiais de apoio e resolución de dúbidas.

A materia Lingua galega e Literatura I poderá recuperarse do mesmo xeito có resto das materias lingüísticas do Centro, tal como se establece no CIL (Currículo integrado de linguas) do mesmo . A saber:

1. Todo o alumnado realizará unha proba parcial en xaneiro.

2. Aquel alumnado que aprobe a proba parcial de xaneiro, realizará unha segunda proba parcial en abril. No caso do alumnado que non aprobe a proba de xaneiro, en vez de proba parcial, este fará un proba global.

3. De non recuperar a materia na avaliación ordinaria, o alumnado poderá realizar unha proba global final extraordinaria (entre o 19 e o 21 de xuño)

Apróbese a materia sempre que a media aritmética das dúas probas sexa como mínimo 5.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

6. Medidas de atención á diversidade

Con todo tratarase de aplicar , na medida do posible as seguintes MAD

1. MEDIDAS ORDINARIAS.

Medidas de atención á diversidade propiciadas pola diversidade da aula:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados.

- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos doutras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas, visitas a museos, exposicións, charlas formativas etc.

2. MEDIDAS ESPECÍFICAS

Aplicaranse nos seguintes casos:

1. Alumnado exento de Lingua Galega: Ao longo de cada unidade, proporánselle actividades de reforzo e consolidación en Lingua Galega dos contidos impartidos na aula. Propiciarase, ademais, o traballo colaborativo, favorecerase a titoría entre iguais, e outras medidas que promovan a súa inclusión lingüística.

2. Alumnado repetidor. As actuacións metodolóxicas que se leven a cabo neste caso irán orientadas a elaborar actividades que teñan diferentes graos de complexidade: introduciranse variedade de actividades individuais, que se adecúen ao ritmo de traballo de todo o alumnado, con especial atención a estes casos. Situarase a este alumnado preto da mesa da docente para poder prestarlle máis atención. Realizaránselle actividades de reforzo e consolidación en cada unidade didáctica, en caso de as precisaren.

3. Un alumno con TDAH. Neste caso seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería de Educación para este fin

OBSERVACIÓNS : Queremos deixar constancia de que na aula de 1 Bac B, dado o excesivo número de alumnos (32) resulta unha tarefa ardua atender á diversidade con eficacia, como sería o desexable e o alumnado merece.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.		X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X
ET.7 - Educación emocional	X	X	X
ET.8 - Educación en valores.	X	X	X
ET.9 - Igualdade de xénero.	X	X	X
ET.10 - Creatividade.			X
ET.11 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.		X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiro literario: Celanova ou Santiago-Padrón	Saída didáctica para visitar a casa museo de escritores do Rexurdimento			X

Observacións:

O alumnado tamén participará en moitas das actividades propostas polo EDLG do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A organización e secuencia das unidades didácticas foi adecuada ás características do alumnado
Os criterios de avaliación de cada unidade didáctica foron axitados para o logro efectivo por parte do alumnado.
Os contidos de cada unidade didáctica foron axeitados para o logro efectivo por parte do alumnado
A secuencia de criterios de avaliación e contidos foi acertada para o logro das aprendizaxes por parte do alumnado.
Metodoloxía empregada
O principio 1 do DUA (Proporcionar múltiples formas de presentación da información) respectouse ao longo das unidades didácticas.
O principio 2 do DUA (Proporcionar múltiples formas de acción e representación) respectouse ao longo das unidades didácticas.
O principio 3 do DUA (Proporcionar múltiples formas de motivación) respectouse ao longo das unidades didácticas.
As interaccións entre o alumnado contribuíron á construción das aprendizaxes.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos didácticos e materiais empregados foron variados e funcionais ao longo das unidades didácticas.
A dixitalización está presente na procura de información e realización de actividades.
Medidas de atención á diversidade
A atención á diversidade tivo en conta as consideracións recollidas nos Protocolos de actuación da Consellería de Educación.
As medidas de atención á diversidade necesarias adoptáronse o antes posible de xeito efectivo tendo en conta as necesidades educativas detectadas.
Clima de traballo na aula
A metodoloxía empregada promoveu a participación e motivación de todo o alumnado de xeito activo e efectivo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Houbo coordinación coas familias ao longo do proceso ensino-aprendizaxe.
Houbo coordinación entre o profesorado.

Outros
Os instrumentos de avaliación foron axeitados para a constatación obxectiva das aprendizaxes por parte do alumnado.
Ofreceuse unha retroalimentación axeitada ao alumnado por parte do profesorado.
Fomentouse e levouse a cabo a autoavaliación
Fomentouse e levouse a cabo a coavaliación

Descrición:

Realizarase un seguimento ben mensual, ben trimestral do proceso de ensino e a práctica docente cos indicadores arriba expostos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A través da programación de aula deseñaranse as actividades concretas para o desenvolvemento efectivo desta programación, seleccionando os recursos, tempos e formatos axeitados en cada momento. Este deseño e desenvolvemento permitirán facer o seguimento da programación, a través da constatación dos obxectivos marcados.

Ao finalizar cada trimestre avaliaremos o cumprimento da programación en canto a obxectivos e contidos. Os datos quedarán reflectidos nunhas táboas trimestrais (escala de estimación cos indicadores de logro) deseñadas para tal fin.

Ao rematar o curso faremos unha valoración xeral do cumprimento da nosa programación. As modificacións serán recollidas na memoria final, incluíndo as propostas de mellora en función daqueles indicadores non acadados ou das dificultades que se presenten no desenvolvemento da programación.

Esta programación esta aberta a modificacións e melloras para adaptala as necesidades do alumnado e profesorado, dependendo dos resultados acadados. Entre estas propostas de mellora poden incluírse a posibilidade de reorganizar os criterios de avaliación e contidos cunha secuencia diferente ou o emprego de novos recursos.

Para implementar esta análise empregárase unha escala de estimación (de 5 a 1, sendo 5 a máxima valoración e 1 a menor) con indicadores que den resposta ás seguintes cuestións:

- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?
- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- Concretáronse os elementos transversais a desenvolver?
- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
- Son axeitados, variados, funcionais e versátiles, os materiais didácticos empregados?
- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua?
- Adoptáronse as medidas de atención á diversidade precisas?

9. Outros apartados